

INFORMACIÓN ÓS MEDIOS

UN PROXECTO SOBRE RETINOGRAFÍAS DO CHUF É GAÑADOR NA I EDICIÓN DOS PREMIOS DE INNOVACIÓN EN SAÚDE DE GALICIA

- **Estes premios destacan aquelas ideas innovadoras que teñen potencialidade para entrar na Plataforma de Innovación, que recolle e valoriza esas ideas coa fin de convertelas en proxectos con resultados aplicables á realidade**
- **Nesta iniciativa galardoada, deseñouse un dispositivo máis lixeiro e versátil que facilita a realización de retinografías (fotos do fondo do ollo) con un Smartphone, unha lente de 20 ou 28 dioptrías, e gotas para dilatar a pupila**
- **Con isto preténdese achegar esta técnica a aqueles ámbitos nos que non se dispón dun retinógrafo**

Ferrol (ASF), mércores 17 de xuño de 2020.- O proxecto *Desenvolvemento do uso do Smartphone para retinografías na Área Sanitaria de Ferrol* do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol e a *Sociedade Galega de Telemedicina* é finalista na primeira edición dos *Premios Innovación en Saúde do Sistema Público de Saúde de Galicia*, que esta mañá se retransmitía en directo dende o salón de actos da Consellería de Sanidade en Santiago de Compostela, a través dos canais da *Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS)*. Esta primeira edición dos Premios de innovación en Saúde pretende pór en valor aquelas ideas innovadoras que teñen potencialidade para entrar na Plataforma de Innovación Sanitaria.

Esta Plataforma é unha ferramenta para que os profesionais do sistema sanitario público galego, pacientes, cuidadores, empresas e demais perfís implicados no sector da saúde acheguen as súas ideas de mellora ou proxectos. A Plataforma de Innovación recolle, valoriza e acompaña estas ideas ou proxectos coa fin de convertelas en proxectos con resultados aplicables á realidade cotiá da práctica asistencial, e estendelos a todo o Sistema Público de Saúde de Galicia.

A coordinadora do proxecto premiado, a especialista en Oftalmoloxía do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, Nuria Olivier Pascual, interviña en directo na sesión trala mención do premio, e en nome de tódolos implicados, dúas compañeiras especialistas en Oftalmoloxía, Dolores Álvarez e Rosa Arroyo, residentes de Oftalmoloxía da Área Sanitaria ferrolá, e un enxeñeiro industrial, Mario Musicó Cortés. Este proxecto foi escollido entre 70 proxectos presentados en toda Galicia. Este mesmo proxecto xa fora destacado o pasado novembro a nivel nacional como unha das *Mellores Ideas 2019* de *Diario Médico* na categoría de *Saúde Dixital e Tecnoloxía*.

Retinografías co móbil

Oftalmoloxía considera que a exploración do fondo de ollo dun paciente é unha actividade relevante no día a día sanitario, tanto no ámbito dos centros de saúde como, por exemplo, en pacientes ingresados no hospitalario. O feito de poder enviar as imaxes a un profesional especializado facilita e dinamiza o diagnóstico, evita desprazamentos, e facilita a accesibilidade ó paciente. Nesta liña, destacar que os profesionais desta área sanitaria foron

dos primeiros en aplicar a telemedicina a esta especialidade, e foi das primeiras áreas tamén en dotar ós centros de saúde de retinógrafos para poder activala.

Dende hai algún tempo, pódense facer fotografías de fondo de ollo coa axuda de smartphones, unha lente de oftalmoscopia de 20 ou 28 dioptrías, e gotas de dilatación das pupilas; e, dese xeito, é posible obter unha información reproducíbel, doada de conseguir, e cun sistema máis lixeiro e manexable que o propio retinógrafo. Aproveitando esas experiencias, e como indican no proxecto galardado, “establecemos un plan para tentar implantar este xeito de exploración nos nosos centros cos residentes, os profesionais de Urxencias e outros interesados.

Unha das limitacións da técnica é que resulta complexo aliñar a lente e o móbil para facer a captura e require adestramento. Téñense desenvolvido diferentes dispositivos pero, indican “quixemos facer un dispositivo máis versátil que os dispoñibles, máis doado de usar”, polo que, coa axuda dun enxeñeiro industrial, fixéronse uns prototipos, un deles que ademais se adapta a unha ampla gama de teléfonos. “O dispositivo funciona e emprégase de rutina na urxencia e con algunhas especialidades”, describen. Dende entón, téñense realizado tamén varias actividades formativas e talleres, e presentouse un curso de formación continuada no encontro anual da Sociedade Galega de Oftalmoloxía, o pasado ano.

Mellórase así o proceso diagnóstico daqueles pacientes que non poden facer unha retinografía convencional ben por non dispor dela, ou polo seu estado en xeral. Permite a telemedicina, o envío de imaxes do fondo do ollo en novos contextos de xeito sinxelo e económico. Ademais, este proxecto ten un valor engadido de solidariedade para as persoas implicadas, xa que profesionais do Servizo de Oftalmoloxía do Complexo ferrolán colaboran habitualmente con Organizacións Non Governamentais, e o emprego destes dispositivos pode ser de grande utilidade para facer fondos de ollo nas campañas que realizan en países en vías de desenvolvemento.

Telemedicina en Oftalmoloxía na Área

A Teleoftalmoloxía está activa en Ferrol dende o ano 2009. Nese ano de implantación, facíanse 628 retinografías para teleconsulta, e, na actualidade, as teleconsultas son en torno a unhas 4.300 nun ano. A retinografía é unha fotografía en cor da retina, que está situada na parte posterior do ollo. Entre outras moitas indicacións, realiza o cribado no caso da retinopatía diabética, que é a afectación da retina po causa da diábetes ou da hipertensión. Ademais desta alteración dos vasos sanguíneos, que se soe presentar en pacientes diabéticos ou hipertensivos de longa duración, emprégase tamén para calquera outra patoloxía que poida afectar á vascularización da retina, como as tromboses arteriais ou venosas, e a dexeneración Macular Asociada á Idade (DMAE).

Os pacientes que resultan máis beneficiados son polo tanto os que teñen patoloxías crónicas, como a citada diábetes, que ademais, en gran parte dos casos están polimedicados, precisan acudir con frecuencia ós servizos médicos, e nas que a revisión periódica pode evitar complicacións. Antes da incorporación da telemedicina, esta proba tiña que se realizar nas consultas externas de Oftalmoloxía, posto que os retinógrafos estaban só neste ámbito de atención. O desenvolvemento do plan de implantación da teleoftalmoloxía, e a

incorporación dos retinógrafos mudou esta situación. Agora, este proxecto premiado amosa a inquedanza deste servizo por mellorar e facilitar aínda máis as tarefas en beneficio dos e das pacientes.

SAÚDOS,
COMUNICACIÓN ÁREA SANITARIA DE FERROL.